

2013

→ SABER FACER

Relacionar o Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) coas características demográficas


O Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) elaboráao o Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) coa finalidade de avaliar o desenvolvemento económico dos países e como este se reflicte na calidade de vida dos seus habitantes. Mide o benestar das sociedades. (11) Para facelo, considera tres aspectos:

- **Aspectos económicos:** mide a riqueza dun país, a través do Ingreso Nacional Bruto per cápita (INB).
- **Aspectos demográficos:** mide a esperanza de vida ao nacer dos habitantes de cada país.
- **Aspectos socioculturais:** mide a formación e as perspectivas de progreso económico e social dun país a través da duración da escolarización dos seus nenos e mozos.


A partir destas medicións obtén un índice que vai do 0 ao 1: o 0 é o valor máis baixo e o 1 o maior Índice de Desenvolvemento Humano.

MÁXIMOS CONTRASTES MUNDIAIS DE IDH

Noruega: 0,944 IDH




Níxer: 0,348 IDH




IDH por países

- Baixo (0-0,549)
- Medio (0,550-0,699)
- Alto (0,700-0,799)
- Moi alto (máis de 0,799)
- Sen datos



11. ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO. ANO 2014

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO E RIQUEZA DOS PAÍSES, 2014			
País	IDH	INB por habitante (en dólares)	Esperanza de vida (en anos)
Australla	0,935	64.540	82
China	0,727	7.400	75
Estados Unidos	0,915	55.200	79
Gabón	0,684	9.720	64
Guinea Ecuatorial	0,587	10.210	57
Honduras	0,606	2.230	73
Níxeria	0,504	2.970	52
Omán	0,793	16.870	77
Singapura	0,912	55.150	82
Uruguay	0,793	16.350	77



FAINO ASÍ

13 Observa o mapa do Índice de Desenvolvimento Humano por países.

- En que zona do mundo se encontran os países cun IDH moi alto? Identifica polo menos seis países deste grupo.
- Agora busca no mapa outros seis países cos índices de desenvolvemento alto, medio e baixo, respectivamente. En que zona do mundo se encontran?


14 Observa as fotografías de Noruega e de Níxer.

- Que diferenzas encontras entre as fotografías de ambos os países? Que aspectos destas imaxes che indican o IDH que ten cada país?


15 Le a táboa do Índice de Desenvolvimento Humano e a riqueza destes países.

- Ordena os países da táboa segundo o seu IDH; indica, en cada caso, se é moi alto, alto, medio ou baixo.
- Busca información en Internet sobre por que Guinea Ecuatorial ten un INB por habitante máis alto ca Honduras, pero o seu IDH é máis baixo.
- Por que cres que Omán, cun INB máis alto ca Uruguai, ten un IDH similar? E no caso de Estados Unidos e Australia?
- Consideras que hai relación entre un IDH alto e unha maior esperanza de vida? Por que o pensas?

12. CRECIMENTO DA POBOACIÓN MUNDIAL



13. MODELO DEMOGRÁFICO DOS PAÍSES DESENVOLVIDOS



16 INTERPRETA OS GRÁFICOS.

- Por que cres que a poboación mundial creceu pouco ata o século XVIII? Como foi o crecemento a partir dese século?
- En que fase comezou a aumentar o crecemento natural nos países desenvolvidos?
- Observa as pirámides de poboación. Cal delas mostra o réxime demográfico moderno? E cal o da explosión demográfica? Cres que Turquía está nunha fase intermedia? Xustifica as respostas.

A evolución da poboación mundial

Na actualidade, vivimos no mundo uns **7.000 millóns de persoas**, mentres que a principios do século XIX apenas eran 1.000 millóns. (12)

A poboación foi aumentando ao longo do tempo, pero non sempre medrou ao mesmo ritmo.

O crecemento da poboación mundial non foi igual en todo o mundo. Por iso, definíronse dous modelos de evolución demográfica, o dos países desenvolvidos e o dos países en desenvolvemento. (14)

O modelo demográfico dos países desenvolvidos

A evolución da poboación dos países desenvolvidos seguiu un modelo en que se distinguen tres fases: (13)

- **Réxime demográfico antigo.** Ata o século XVIII o crecemento demográfico foi moi lento porque, aínda que as taxas de natalidade eran moi elevadas, as de mortalidade, sobre todo a infantil, tamén o eran polas frecuentes epidemias, guerras, fame... e a falta de medidas de hixiene e sanitarias.

- **Explosión demográfica.** Xurdiu no século XIX coa instalación de fábricas e as melloras técnicas na agricultura, que permitiron aumentar as colleitas e producir máis alimentos, o que reduciu as fames. A natalidade continuaba alta, pero a mortalidade diminuíu grazas ás melloras hixiénicas, sanitarias e alimentarias. Esta situación supuxo un crecemento natural alto e un aumento da poboación.


- **Réxime demográfico moderno.** Durante o século XX, a taxa de natalidade descendeu bruscamente e a mortalidade continuou baixando debido ás medidas de hixiene, aos avances médicos e á alimentación, entre outros diversos aspectos. Esas taxas dan lugar a un crecemento natural baixo, mentres que a esperanza de vida é alta e provoca un envellecemento da poboación.

222 *① Causas: a trixida catastrófica = Fames + Guerras + Pestes Negras (malas colleitas)*
② Causas: técnicas anticoncepcionais + influencia relixión + traballo no campo

6

A evolución demográfica dos países en desenvolvemento

15. MODELO DEMOGRÁFICO DOS PAÍSES EN DESENVOLVEMENTO



2 O modelo demográfico dos países en desenvolvemento

A evolución da poboación nos países en desenvolvemento seguiu un modelo diferente. (15)

- **Réxime demográfico antigo.** Mantívose ata o século XX. As súas taxas de natalidade e de mortalidade eran moi altas polas guerras, fames, falta de recursos, etc. e, por tanto, o seu crecemento natural era baixo.
- **Revolución ou explosión demográfica.** Produciuse a finais do século XX, cando a taxa de natalidade seguiu sendo alta e a mortalidade comezou a descender grazas ás melloras na sanidade, como vacinas, na alimentación e na hixiene. Isto supuxo un crecemento da poboación que se coñece como explosión demográfica.

As características demográficas dos países en desenvolvemento

Os países en desenvolvemento teñen as seguintes características demográficas:

- Unha **elevada porcentaxe de poboación nova**, que se debe a taxas de natalidade altas e de mortalidade en descenso.

Ademais, as taxas de mortalidade aínda elevadas fan que a **esperanza de vida sexa baixa**, varía dos 45 aos 70 anos, segundo o país.

A natalidade tende a diminuír porque, ao descender a mortalidade infantil, as familias encóntranse cun número de fillos que non poden manter.

- Un **saldo migratorio maioritariamente negativo**, xa que o crecemento da poboación adoita ser maior ca o dos recursos e **expulsa a xente nova** cara a outros países con maiores oportunidades.
- Algúns países practican **políticas de control da natalidade** para evitar unha demanda excesiva sobre os limitados recursos dispoñibles e prever así fames e conflitos sociais ou políticos.
- Un forte **contraste entre as zonas agrarias** do interior dos países, que teñen a natalidade e mortalidade máis altas e unha mentalidade tradicional, e **as zonas urbanas**, onde son máis baixas, sen chegar aos niveis dos países desenvolvidos.



17 INTERPRETA O GRÁFICO.

- En que fase comezou a aumentar o crecemento natural nos países en desenvolvemento?
- A que se chama explosión demográfica?



PRESTA ATENCIÓN

Os países en desenvolvemento teñen un crecemento demográfico superior ao seu crecemento económico, polo que os seus recursos son cada vez máis escasos e a pobreza agudízase. O acceso á educación e a outros servizos faise moi difícil e incluso nalgúns casos, imposible. Esa situación agrávase polas frecuentes guerras en que se ven involucrados.



16. CRECEMENTO REAL DA POBOACIÓN

O crecemento da poboación mundial

A evolución da poboación mídese co **índice de crecemento real**, que é o resultado de sumar o saldo migratorio á taxa de crecemento natural. (16)

A poboación tende a crecer nos países en desenvolvemento; unicamente algúns países que sofren fortes saídas de emigrantes teñen perdas de poboación durante varios anos. Os países desenvolvidos teñen un crecemento máis lento, que é superior nos que reciben fortes fluxos migratorios, como Estados Unidos e Alemaña.

A poboación non crece igual en todas as zonas dun país. En xeral, teñen maior crecemento demográfico as ciudades ca as áreas rurais; e as zonas litorais ca as rexións de interior.

As zonas urbanas aumentan a súa poboación porque reciben poboación inmigrante procedente das zonas rurais, xeralmente nova e adulta en idade de ter fillos, o que dá lugar a un incremento da natalidade.

As ciudades concentran actividades económicas que xeran máis postos de traballo e mellores salarios. Ademais, ofrecen máis servizos ca as zonas rurais, o que as fai máis atractivas para a poboación.



18 INTERPRETA O MAPA.

- En que zonas do mundo hai maior crecemento demográfico? Cita tres países con crecemento superior ao 3%. A que se debe?
- Que países teñen un crecemento menor ca 0? A que cres que se debe en cada caso?



CLAVES PARA ESTUDAR

- Como é o modelo demográfico dos países en desenvolvemento? Describe cada unha das súas fases.
- Que características demográficas teñen na actualidade os países en desenvolvemento?
- En que zonas do mundo crece a poboación?

PENSA. Busca en Internet as teorías demográficas que formulou Thomas Robert Malthus e explica o que defenden.